

Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE	Sello o Certificación Mecánica
Documento CIR11119R	Expediente
	Fecha 18-05-17 11:26

Asunto
**AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES
ARTESANAIS**

CONCELLO

15078DCIR11119R



DECRETO.- Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

1.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico, de data 25 de novembro de 2013 se aproban as Normas que Regulan as Actividades Artísticas Promovidas por Particulares na Vía Pública, dándose conta do acordo á Xunta de Goberno Local de 28 de novembro dese ano. Esta resolución foi modificada o 28 de marzo de 2014 e o 12 de decembro do mesmo ano, en relación cos prazos de presentación de instancias e publicación dos listados, contemplados no Anexo II e a aprobación dun novo Anexo III para regular as actividades musicais no Arco do Pazo de Xelmírez.

A Disposición 2º das normas dispón que, con carácter xeral, poderanse autorizar actividades consistentes en actuacións musicais, pictóricas ou outras actividades artísticas como estatuas viventes, mimos, etc. Calquera actividade artística que promova os particulares na vía pública será sometida previamente á valoración da súa oportunidade.

Pola súa banda, a Disposición 9, punto B.4) contempla a posibilidade de outorgar autorizacións para o exercicio de actividades artísticas de diversa índole, distintas as anteriores (musicais, pictóricas ou fotográficas) cando non levan consigo a emisión de son nin supoñan a venda de artigos de calquera clase, atendendo á conveniencia e oportunidade de cada unha delas, e especialmente á saturación dos espazos propostas.

Por Decreto do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 16 de marzo de 2017 acordouse:

PRIMEIRO.-HABILITAR un novo espazo na Praza de San Martín Pinario, coa instalación de 20 postos para actividades artesanais a desenvolver na vía pública, nos termos do exporto no primeiro punto desta resolución.

SEGUNDO.- Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes desde o 20 ata o 27 de marzo de 2017, nas condicións sinaladas no primeiro punto. A listaxe provisoria de solicitudes será o 28 deste mes e a definitiva o dia 31 de marzo de 2017.

No vindeiro trimestre do ano, respectaranse os prazos da convocatoria contados no Anexo II das normas que regulan estas actividades.

Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento CIR11I19R	Expediente	Fecha 18-05-17 11:26

Sello o Certificación Mecánica

Esta resolución para xeneral coñecemento publicarse na páxina web e no taboleiro de edictos do concello e manterase publicado ata que remate o período de presentación de solicitudes o 27 de marzo de 2017.

Neste trimestre comenzaron a desenvolverse estas actividades artesanais no indicado emprazamento; poren os artesáns transmitiron a esta Concellería o seu descontento, porque entenden que non é un emprazamento axeitado para a exposición dos seus produtos xa que, non é unha zona de moi transito peonil, nin turístico, dentro do ámbito do casco histórico o que vai en detrimento da difusión do seu traballo.

Por elo, propúsoxe un novo emprazamento e co fin de correxir a situación o máis axiña posible, habilitanse novos postos para a exposición de actividades artesanais na vía pública en diversos emprazamentos no entorno á Praza da Inmaculada, que se delimitan nun piano xunto a esta resolución. En total serán 29 postos cunha superficie cada un deles de 1,80 cm. X 1,00 cm, e unha distancia entre eles de 0,5 m, segundo do plano que se xunta a esta resolución.

A actividade estará suxeita as determinacións que constan nas Normas que Regulan as Actividades Artísticas Promovidas na Vía Pública, aprobadas por Decreto do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadán e Tráfico, de data 25 de novembro de 2013 e as súas modificacións posteriores acordadas por resolucóns de 28 de marzo e 12 de decembro de 2014.

Asemade, fampouco pode levar se a cabo a emisión de son, nos termos do recollido na Disposición 9º punto B.4, das normas.

Co fin de posibilitar que os artesáns que foron autorizados podan acceder a este novo espazo, ata completar o trimestre que remata a finais de xuño e ós efectos da publicación da asignación de novos postos, adaptarase a listaxe que xa foi publicada, no seu día, para o outorgamento das autorizacións deste trimestre, coas precisóns, a respecto dos grupos que accedan novo emprazamento.


Do mesmo xeito que foi acordado no Decreto do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia de data 16 de marzo de 2017, no suposto de que o número de postos sexa inferior ás solicitudes autorizadas estableceranse quendas nos postos que sexa necesario, para poder dar cabida a todas as solicitudes, para elo elixirse por sorteo cales serán esos postos que terán que someterse a quendas, que na seguinte convocatoria serán excluídos do sorteo.

Os postos poderán ser montados polos artesáns autorizados, nas condicións que resulte da publicación efectuada, partires do vindeiro luns 22 de maio de 2017 e ata rematar o trimestre.

No vindeiro trimestre do ano, respectaranse os prazos da convocatoria contados no Anexo II das normas que regulan estas actividades.

En todo caso, supervisarase de xeito exhaustivo e con rigor o exercicio das actividades para garantir o cumprimento da normativa.

2.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 17 de xuño de 2015 acordou delegar a competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro



Dependencia CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
Documento CIR11119R	Expediente	Fecha 18-05-17 11:26

Sello o Certificación Mecánica

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no relativo á concesión de autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público; ase como o seu uso privativo, con instalacións desmontables ou bens móbiles ou cunha duración ou uso non superior a un ano no Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.-HABILITAR un novo espazo artesanal no entorno da Praza da Inmaculada, coa instalación de 29 postos para actividades artesanais a desenvolver na vía pública, nos termos do exposto no primeiro punto desta resolución. O desenvolvemento destas actividades artesanais ten que ser compatible co que levan a cabo outros artistas de distintas disciplinas que xa foron autorizados no devandito espazo.


SEGUNDO.- Manter as autorizacións xa concedidas para este trimestre do ano que remata en xuño, nas condicións que se fan constar no apartado primeiro desta resolución. A listaxe coas modificacións a respecto da asignación de postos será publicada nesta mesma data na paxina web do concello e no taboleiro de edictos, posibilitándose a instalacións dos postos dende o 22 de maio e ata o remate do trimestre.

No vindeiro trimestre do ano, respectaranse os prazos da convocatoria contados no Anexo II das normas que regulan estas actividades.

Esta resolución para xeneral coñecemento publicarse na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA
Xan Xesús Duro Fernández
FIRMA
Xunta de Galicia
Concello de Santiago de Compostela

03/03



Plano modificado por Decreto MODIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTESANAIS de 31 de maio de 2017